

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DIA 3 DE XUNO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NUNEZ FEIJOO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONS PUBLICAS E XUSTIZA

- Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autonomo Servizo Galego de Promocion da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

DECRETOS

CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONS PUBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se concede a Medalla Castelao
- Decreto polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 8 de xuno de 2010.

CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se modifica o Decreto 102/2006, do 22 de xuno, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro (Lugo) e se aproba a ordenacion urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento

CONSELLERIA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se derroga o Decreto 342/2009, do 18 de xuno, polo que se crea o Rexistro Administrativo de Librarías de Galicia e se regula a súa organización e funcionamento

ACORDOS

CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PUBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de colaboracion entre a Conseller a de Presidencia, Administracions Publicas e Xustiza e a Conseller a de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no que se recollen distintas actuacións da unidade do Corpo Nacional de Polic a adscrita a Comunidade Autonoma de Galicia

CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Conseller a de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Pantón, para a execucion de obras en materia de urbanismo, por importe de catrocentos cincuenta mil douscentos oitenta e dous euros con catorce centimos (450.282,14 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Conseller a de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Baiona, para a execucion de obras en materia de urbanismo, por importe dun millon douscentos sesenta mil cento catro euros con noventa e catro centimos (1.260.104,94 €)
- Acordo polo que se aproba a colaboracion tecnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Curtis para a execucion da obra de melloras no abastecemento e saneamento no concello de Curtis. Concello de Curtis (A Coruna), (clave OH.515.965), por importe de catrocentos tres mil oitocentos noventa e tres euros con cincuenta e tres centimos (403.893,53 €)

CONSELLERIA DE EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Conseller a de Educacion e Ordenacion Universitaria da Xunta de Galicia e a Deputacion Provincial da Coruna para o funcionamento do centro Rafael Puga Ramon durante o curso escolar 2010-2011

CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a adquisicion de compromisos de gastos de caracter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de rexime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se regulan as axudas economicas para a atencion da primeira infancia a traves do cheque infantil en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos publicos e se procede a sua convocatoria

INFORMES**CONSELLERIA DE FACENDA**

- Informe sobre a aplicacion na Comunidade Autonoma de Galicia do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio

CONSELLERIA DE ECONOMIA E INDUSTRIA

- Informe sobre as campanas de inspeccion de consumo 2010
- Informe sobre as infraestruturas de carga de veh culos electricos en Galicia

CONSELLERIA DE SANIDADE

- Informe de modificacion da regulacion en materia de transporte sanitario do Servizo Galego de Saude

CONSELLERIA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre enquisa de ocupacion hoteleira correspondente ao primeiro cuadrimestre de 2010

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO APROBA O ANTEPROXECTO DE LEI PARA A SUPRESION DO SERVICIO GALEGO DE IGUALDADE E A ASUNCION DAS SUAS COMPETENCIAS, PERSOAL E PROGRAMAS POLA SECRETARIA XERAL**

O Consello da Xunta aprobou hoxe o anteproxecto de lei polo que se suprime o Organismo Autonomo Servizo Galego de Promocion da Igualdade do Home e da Muller (SGI) e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Esta modificacion da estrutura organica da Xunta de Galicia e resultado do proceso de racionalizacion das estruturas administrativas levado a cabo polo actual Goberno galego.

Por iso, nesa linea de racionalizacion atribuese a Secretar a Xeral da Igualdade as funcions e competencias desenvolvidas ata o de agora polo citado organismo autonomo.

Deste xeito, a Secretar a Xeral da Igualdade, dependente directamente do presidente da Xunta, quedar a establecida como o unico organo da Comunidade Autonoma de Galicia que aglutina os anteriormente existentes en materia de igualdade, dando as un novo pulo as pol ticas autonomicas de igualdade de acordo coa experiencia acumulada, que confirma que unha adecuada estrutura organizativa repercute de maneira directa nunha maior eficiencia e eficacia na aplicacion das pol ticas de igualdade dirixidas a cidadan a.

As mesmo, esta restructuracion servira para aplicar con maior eficacia a transversalidade do principio de igualdade en todas as pol ticas e accions desenvolvidas pola Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 6 da Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes.

As a Secretar a Xeral da Igualdade asume como fins a eliminacion da discriminacion entre mulleres e homes, a promocion da igualdade e a erradicacion dos prexu zos de xenero nos termos establecidos na Constitucion, no Estatuto de autonom a para Galicia, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e na demais lexislacion aplicable na materia.

A supresion do SGI non supon a reducion de recursos ou programas en materia de igualdade, nin tampouco de persoal, xa que o anteproxecto de lei deixa ben claro que se traspasa a Secretar a Xeral da Igualdade o persoal, o orzamento e a actividade desenvolvida ata agora polo SGI, e e exclusivamente isto o que se vai facer a traves do dito anteproxecto de lei.

Mais atribucions

Pero ademais, a Secretar a Xeral da Igualdade saira reforzada porque se modifican nesta lei determinados artigos da Lei 2/2007, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, que achegaran a Secretar a maiores atribucions, competencias e orzamento,

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

concretamente en relacion as medidas de conciliacion da vida persoal, laboral e familiar que se desenvolven conxuntamente cos concellos galegos.

A agrupacion das principais competencias das pol ticas de igualdade dara lugar a unha maior eficacia e racionalidade na implantacion das diferentes medidas tanto en materia de igualdade como de conciliacion da vida persoal, familiar e laboral, pola estreita relacion que existe entre o desenvolvemento das pol ticas de igualdade coas actuacións de conciliacion e a progresiva incorporacion en igualdade das mulleres.

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta**LUZ CASAL, ROSALINA CELADA, ANTON LAMAZARES, CESAR ANTONIO MOLINA E PRUDENCIA SANTASMARINAS, GALARDOADOS COA MEDALLA CASTELAO 2010**

- *O Goberno galego aprobou hoxe o decreto polo que se concede esta distincion*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se concede a Medalla Castelao 2010, coa cal a Administración autonómica distingue aqueles galegos e galegas autores dunha obra merecente do reconecemento do seu pobo no eido artístico, literario ou de calquera outra faceta da actividade humana. O decreto aprobado hoxe acorda distinguir a cantante Luz Casal, a matrona Rosalina Celada, o pintor e escultor Anton Lamazares, o escritor, investigador e político Cesar Antonio Molina e a traballadora da Administración pública Prudencia Santasmarinas Raposo, coa Medalla Castelao 2010.

Mar a Luz Casal Paz

Mais conecida como Luz Casal, é unha cantante de pop-rock nacida no concello corués de Boimorto, con estudos de piano e solfexo, ballet e bel canto. Despois de facer coros para diversos artistas, no ano 1982 publicou o seu primeiro álbum, chamado Luz, e entre ese ano e 2007 ten publicado 13 discos máis, dos cales 4 chegaron a disco de platino e o último, *Vida toxica*, chegou a disco de ouro. Canta maioritariamente en castelán, ben que ten feito incursións noutras linguas, entre elas o galego, en que interpreta o tema *Negra sombra* para un disco de Carlos Nunez. Foi reconecida coa Medalla de Ouro ao Merito nas Belas Artes, a Medalla das Artes e as Letras de Francia, a Medalla de Ouro da Cidade de París, a Medalla de Ouro de Madrid e nomeada Filla Predilecta de Boimorto.

Rosalina Celada Juan

Traballou como matrona durante toda a súa vida laboral, desde o ano 1967 ata o ano 1990, no Hospital Militar da Coruña, e desde 1990 ata o mes de abril deste ano, data na que se xubilou, no Servizo Galego de Saúde. Avalana 42 anos de experiencia profesional, tanto no ámbito hospitalario coma no domiciliario, e nos últimos anos na atención primaria de saúde. Ademais do seu labor asistencial levou a cabo un importante labor formativo como docente e titora para os alumnos da diplomatura de Enfermería e para os alumnos da especialidade de matrona. Foi a presidenta fundadora da Asociación de Matronas de Galicia.

Anton Manuel Lamazares Silva

Reconecido pintor e escultor galego nacido no concello de Lalín, cunha ampla proxección internacional. Desenvolve a súa obra artística tanto en España como lonxe dela. Viviu e traballou en cidades como Nova York, onde fai as súas importantes series *Xanelas* e *Sellos*, París, Berlín, ou Santiago de Compostela, onde traballa nas súas series *Eidos de Rosalía* e *Eidos de Bama*. Unha das súas últimas creacións foi a *Domus Omnia Magna*, constituída por 50 pezas. Desde o ano 1982 ata 2010 leva realizadas máis de

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

25 exposicións individuais tanto en España como fora das nosas fronteiras. As súas obras constan nos fondos de grandes centros de arte contemporánea como o Museo Nacional Reina Sofía, o Centro Galego de Arte Contemporánea ou o Museo de Arte Contemporánea de Madrid

Cesar Antonio Molina Sanchez

Escritor, investigador e político naceu na Coruña e é licenciado en Dereito e en Ciencias da Información. Doutorouse cum laude cun traballo de investigación sobre a prensa literaria española. Foi profesor de Teoría e Crítica Literaria na Universidade Complutense e de Humanidades e Xornalismo na Universidade Carlos III. No ano 1996 incorporouse como director xerente ao Círculo de Belas Artes. Durante catro anos, entre 2004 e 2007, foi director do Instituto Cervantes. En 2007 foi nomeado ministro de Cultura. Ten publicados trinta libros, fundamentalmente de ensaio, prosa e poesía, e a súa última obra é o libro *El rumor del tiempo*, que é unha antoloxía poética de toda a súa obra.

Prudencia Santasmarinas Raposo

Traballadora incansable a prol da profesionalización do sector marisqueiro galego e da formación das mulleres que traballan nel, Prudencia Santasmarinas naceu na Coruña e no ano 1966 ingresou na Administración pública no Servizo de Extensión Agraria do Ministerio de Agricultura. Despois de 25 anos traballando no dito servizo, en 1993 trasladouse ao Servizo de Extensión Pesqueira da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura desde onde, pola súa experiencia profesional no medio rural, comeza a traballar coas mariscadoras a pe. Tras 10 anos de traballo neste servizo, contribuíu de xeito esencial a que as mariscadoras conseguisen facer do marisqueo unha profesión, deixando de ser unha actividade complementaria, ou que participasen nos órganos de goberno das confrarías.

A Medalla Castelao

A Medalla Castelao foi creada en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao o 28 de xuno dese ano. O decreto de creación deste galardón sinala que a perfección, o simbolismo ou a transcendencia das obras e do labor dos premiados con este reconecemento debe ser o froito da entrega dunha vida, e o reflexo dun traballo conscientemente realizado con entrega e con fe na cultura, na historia e no ser dun pobo. A Medalla Castelao creouse para que sirva de exemplo a obra daqueles galegos que deben ser guía para futuras xeracións que queiran seguir engrandecendo a realidade de Galicia.

A XUNTA DECRETA OS SERVIZOS MINIMOS ESENCIAIS PARA A FOLGA DE PERSOAL DA ADMINISTRACION DO VINDEIRO 8 DE XUNO

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que dita as normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o vindeiro martes d a 8 de xuno, que afectara todos os traballadores, funcionarios, docentes e laborais das administracións públicas de ámbito estatal, autonómico e local, organismos públicos vinculados ou dependentes dela, as como entidades públicas empresariais de ámbito estatal, autonómico e local.

A folga, que se desenvolvera entre as 0.00 horas e as 24.00 horas do d a 8 de xuno, esta convocada polas centrais sindicais Confederación General del Trabajo (CGT), a Confederación Intersindical, Confederación Union Sindical Obrera (USO), Union Xeral de Traballadores (UGT-Galicia), Comisiones Obreiras de Galicia (CCOO-Galicia), Central Sindical Independente e de Funcionarios de Galicia (CSI-F Galicia) e Confederación Intersindical Galega (CIG).

Ante esta convocatoria e ante a necesaria conciliación entre o exercicio ao dereito de folga e o mantemento dos servizos esenciais, a Administración autonómica fixou hoxe uns servizos mínimos indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais que figuran no decreto, que entrara en vigor o mesmo d a da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

As , establece servizos mínimos sobre sectores e actividades competencia da Xunta que poden afectar o desenvolvemento da actividade cidadá, como a sanidade, seguridade, protección civil, transportes e comunicacións, medios de comunicación social, rexistros públicos, edificios, bens e instalacións públicas, asistencia social e educación, servizos de vixilancia e extinción de incendios e bombeiros.

Dese xeito, establece servizos mínimos nos servizos centrais da Xunta, nas distintas consellerías e departamentos territoriais, en centros de menores, centros sociais, fogares e residencias de maiores, gardarías, nos distritos forestais, na TVG e na Radio Galega, entre outros centros.

En todo caso, e seguindo o criterio establecido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Auto do 19 de xuno de 2002, os servizos mínimos non excederán en cada centro, departamento ou oficina o número de persoas que normalmente permanecen neles con ocasión dun domingo ou d a festivo, salvo que se trate de órganos que tales d as permanecen pechados, caso en que se terá que atender as quendas establecidas para os sábados.

Finalmente, quedará garantida a apertura e peche de todos os centros de traballo mediante a designación dunha persoa naqueles supostos en que tal cometido estea encomendado directamente aos medios da propia Administración.

A XUNTA DE GALICIA APROBA O DECRETO POLO QUE SE MODIFICA A ORDENACION URBANISTICA PROVISIONAL DO CONCELLO DE VIVEIRO

- *Nas condicións xerais de edificación, permítese a construción de semisotos que non sobresaian máis dun metro en calquera das rasantes do terreo en contacto coa edificación*
- *Aceptáranse corpos voados pechados sobre as vías ou espazos públicos*
- *A ocupación máxima da parcela polo edificio límitase en 200 metros cadrados, exceptuando desta limitación as vivendas unifamiliares entre medianeiras*
- *Prohíbese a apertura de novas vías, rúas ou camiños, así como a ampliación dos existentes, sen prexuízo do establecido na lexislación aplicable as estradas de titularidade estatal ou autonómica*

A Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas aprobou hoxe no Consello da Xunta o Decreto polo que se modifica a ordenación provisional aprobada no Decreto 102/2006, do 22 de xuno, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento.

O Concello de Viveiro solicitou a Xunta de Galicia a modificación dunha serie de puntos da Ordenación Urbanística Provisional (OUP) ao apreciar certos defectos e obstáculos para aplicar o citado decreto. Este municipio propuxo cambios no planeamento, que tras ser analizados pola Comisión Superior de Urbanismo, foron aceptados polo Goberno galego.

En primeiro lugar, as mudanzas inciden nas condicións xerais de edificación, permitindo a construción de semisotos que non sobresaian máis dun metro en calquera das rasantes do terreo en contacto coa edificación. Tamén se posibilita a construción de atadousotos, sempre que non sobresaian en ningún punto da rasante natural do terreo en contacto coa edificación.

En segundo lugar, modifícase a ordenanza de solo urbano de baixa densidade, cuxa aplicación se vincula aos terreos clasificados como solo urbano nas normas subsidiarias de planeamento municipal. A novidade reside en que, a partir de agora, se aplicará tamén no caso de terreos situados en conxuntos edificatorios que se deban completar cunha edificación en continuidade cunha soa medianeira. A ocupación máxima da parcela polo edificio límitase en 200 metros cadrados, exceptuando desta limitación as vivendas unifamiliares entre medianeiras.

En terceiro lugar, introducíense cambios na ordenanza de solo urbano de media densidade, de aplicación aos terreos clasificados como solo urbano nas normas subsidiarias de planeamento municipal. A citada aplicación tamén se realizara no caso de terreos enmarcados en conxuntos edificatorios que se deban completar cunha edificación en continuidade cunha soa medianeira.

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

En canto as condicións específicas de edificación, cabe citar que nas cubertas se manteñen en vigor o establecido na modificación puntual da normativa urbanística municipal das normas subsidiarias de planeamento municipal. Ademais, o fondo máximo edificable é de 18 metros nas plantas altas.

A altura máxima permitida, en número de plantas, será a media das alturas das dúas edificacións lindadeiras. No caso de que a diferenza de altura sexa de só unha planta, a altura máxima permitida será a do edificio contiguo de menor altura.

No que se refire a voos, permitiránse corpos voados pechados sobre as vías ou espazos públicos. As modificacións tamén recollen a posibilidade de galerías ou balcóns coas seguintes condicións: que estean a unha altura maior de 3,60 metros por riba da rasante da rúa, medidas desde o punto máis desfavorable; nas rúas de largo inferior a 8 metros, non se permiten; e nas rúas con largo superior a 8 metros, os mesmos poden acadar 1/20 do largo da rúa, e a dimensión non pode exceder os 1,20 metros. En calquera caso, o corpo voado deberá estar recuado como mínimo 0,30 metros desde o plano do bordo e 0,25 desde a medianeira.

En cuarto lugar, no eido dos equipamentos e dotacións, propónse unha altura máxima de 4 plantas ou a que requira a instalación xustificada; recuamentos mínimos de 5 metros en todos os lindeiros; condicións de parcelación cunha superficie edificable máxima de 50%.

En quinto lugar, no que se refire ao sistema viario, prohibese a apertura de novas vías, rúas ou camiños, así como a ampliación dos existentes, sen prexuízo do establecido na lexislación aplicable ás estradas de titularidade estatal ou autonómica. Non obstante, enténdese que se poderán autorizar nelas obras de urbanización. Cando se trate de terreos clasificados como solo rústico ou non urbanizable, será de aplicación o rexime establecido para o solo rústico de especial protección de infraestruturas que inclúe o dominio público e os terreos contiguos ata a liña límite de edificación.

En sexto lugar, modifícase o artigo 7.1, correspondente ao solo de núcleo rural. No texto, agora di "aplícase a presente ordenanza aos núcleos rurais..." onde anteriormente se negaba esa aplicación.

Finalmente, no artigo 12, relacionado co Parque Empresarial de Landrove, corréxese un erro textual do decreto anterior: onde dicía 80/2002, agora di 80/2000.

Antecedentes

Compre sinalar que mediante o Decreto 102/2006, do 22 de xuno e ao abeiro do disposto no artigo 96 da Lei 9/2002 (LOUGA), do 30 de decembro, o Consello da Xunta de Galicia suspendeu a vixencia do planeamento de Viveiro e fixou a ordenación urbanística provisional (OUP).

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O Concello de Viveiro contratou a principios do pasado ano a redaccion dun Plan Xeral de Ordenacion Municipal (PXOM) adaptado a LOUGA, o cal anda non foi aprobado inicialmente. O 9 de xullo de 2009, este municipio lucense acordou solicitar a Xunta a modificacion da referida OUP ao detectar unha serie de anomalías e dificultades a hora de aplicar o dito decreto.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas elaborou un primeiro texto de proxecto de modificacion parcial do decreto, que foi sometido a consideracion da Comision Superior de Urbanismo de Galicia o 15 de decembro de 2009. Neste texto recollanse as pretensions do concello, modificábanse outras e eliminábanse as restantes. Posteriormente, o pasado 10 de marzo, o Concello de Viveiro achega a Xunta a correspondente certificacion municipal do contido de tal acordo onde figuran detalladas as modificaciones solicitadas.

Finalmente, unha vez analizadas esas mudanzas propostas polo concello, redactase un novo proxecto de modificacion do Decreto 10/2006 que foi sometido a informe da Comision Superior de Urbanismo que o ditaminou de xeito favorable con data do 17 de marzo de 2010.

**A XUNTA DE GALICIA ELIMINA O REXISTRO ADMINISTRATIVO DE LIBRARIAS
PARA FACILITAR A PRESTACION E A LIBRE CIRCULACION DE SERVIZOS**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a derogacion do Decreto 342/2009, do 18 de xuno, que regulaba a creacion do Rexistro Administrativo de Librar as, a sua organizacion e funcionamento para adaptarse a normativa europea.*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a derogacion do Decreto 342/2009, do 18 de xuno, que establece a creacion do Rexistro Administrativo de Librar as de Galicia, a sua organizacion e funcionamento. A traves da derogacion deste decreto e en aplicacion da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, elimínase unha traba innecesaria para a liberdade de establecemento e circulacion destes servizos, e adaptase a normativa actual as directivas 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativas aos servizos no mercado interior, outorgando unha maior claridade no ambito da organizacion administrativa.

En concreto, co fin de facilitar a liberdade de establecemento de prestadores e a libre circulacion de servizos, o artigo 19 da Lei 1/2010 do 11 de febreiro, suprime o artigo 11.5 da Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, que prev a creacion dun rexistro de librar as no cal se deber an inscribir todas as librar as de Galicia. Ao non existir xa a prevision do artigo 11.5 da Lei 17/2006 nin ser obrigatoria a inscripcion para as librar as e libreiros, considerase conveniente derogar o Decreto 342/2009, do 18 de xuno, polo que se creaba o Rexistro Administrativo de Librar as de Galicia, que exix a inscripcion e anotacion dos datos relativos as librar as e aos libreiros radicados no ambito territorial da Comunidade Autonoma de Galicia.

A POLICIA AUTONOMICA REFORZA A SUA COOPERACION CON MEDIO AMBIENTE EN MATERIA DE INSPECCION DE AUGAS, AMBIENTAL E URBANISTICA

O Consello da Xunta aprobou hoxe na súa reunión semanal un acordo de colaboración entre a Consellería de Presidencia e a Consellería de Medio Ambiente polo que se regulan e se recollen as actuacións da unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita a Comunidade Autónoma de Galicia (UPA) relacionadas con aspectos como a inspección de augas, a urbanística e a ambiental.

O acordo regula por primeira vez de xeito global o marco operativo de colaboración entre a conecida como Policía Autónoma e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Para tal fin, establece as actuacións da Unidade de Policía Adscrita que, en colaboración cos distintos centros directivos e entidades adscritas a consellería irán dirixidas a asegurar un eficaz cumprimento da normativa en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, vivenda e solo, infraestruturas e mobilidade.

As actuacións de colaboración policial obxecto deste acordo abranguen a realización e o apoio das seguintes actuacións:

- En materia de inspección ambiental: comprobar que se cumpren as prescricións normativas de protección ambiental e vixilancia de calquera tipo de actividade e instalación que fose susceptible de afectar negativamente o ambiente de Galicia; identificar os presuntos responsables de infraccións ambientais; comprobar o cumprimento das resolucións en materia de disciplina ambiental, e auxilio da forza pública para levar a cabo investigacións no eido da protección ambiental.
- En materia de defensa do patrimonio viario de titularidade autonómica: auxiliar e colaborar co persoal de inspección de estradas na vixilancia e control no relativo a defensa e uso das estradas de titularidade autonómica; identificar as persoas presuntamente responsables da comisión de infraccións administrativas en materia de estradas, formulando e remitindo a correspondente denuncia ao órgano administrativo competente; auxiliar o persoal de inspección de estradas na investigación e práctica das probas que se consideren necesarias para acreditar as infraccións administrativas denunciadas; e prestar o auxilio necesario para levar a cabo a execución forzosa, coactiva, tanto das medidas adoptadas tendentes a paralización das obras ou usos non autorizados, como dos actos administrativos ditados en materia de reposición da legalidade viaria.
- En materia de inspección do transporte: a UPA colaborará cos membros da inspección do transporte no exercicio da función de control do cumprimento da normativa reguladora dos transportes, que consistirá no desenvolvemento conxunto de actuacións de control, tanto na estrada como nas instalacións das empresas transportistas ou relacionadas co dito sector; en feitos constitutivos de posible

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

infraccion administrativa na materia, a UPA procedera a identificacion das persoas presuntamente responsables, as como a formulacion das correspondentes denuncias. Estas actuacións poderanse estender tamen ao ambito do transporte mar timo.

- En materia de inspeccion e vixilancia das augas e das suas zonas de proteccion: colaborar con Augas de Galicia na inspeccion e vixilancia do cumprimento das autorizacions e concesions relacionadas co dominio publico hidraulico; colaborar e auxiliar a gardar a fluvial de Augas de Galicia na practica das dilixencias de investigacion, exames ou probas; auxiliar a Augas de Galicia cando este organismo autonomo deba facer cumprir as suas disposicións e actos polos medios de execucion forzosa previstos na lei.
- Nas materias da competencia da Axencia de Proteccion da Legalidade Urban stica: vixilancia do territorio para comprobar que as obras de nova edificacion que se estan a executar en solo rustico e na zona de servidume de proteccion do dominio publico mar timo terrestre estean amparadas en licenza urban stica municipal e na preceptiva autorizacion urban stica autonómica; identificacion dos presuntos infractores urban sticos; comprobacion do cumprimento das resolucions da Axencia de Proteccion da Legalidade Urban stica ordenando a suspension ou paralización de obras ilegais; execucion material da precintaxe das obras; comprobacion do cumprimento das resolucions da Axencia ordenando a demolicion de obras ilegais; e auxilio da forza publica para levar a cabo a execucion forzosa das ordes de demolicion.
- En materia de vivenda: as unidades da UPA colaboraran co Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) na entrada aos domicilios, logo da oportuna autorizacion xudicial, nos casos de lanzamentos derivados de execucions hipotecarias ou resolucions administrativas de desafiuamento.

Este acordo de colaboracion entrara en vigor o d a seguinte ao do seu asinamento e tera vixencia indefinida.

A XUNTA DE GALICIA INVISTE CASE 500.000 EUROS NA SEGUNDA FASE DAS OBRAS DE URBANISMO NO CONTORNO DO MOSTEIRO CISTERCIENSE DAS BERNARDAS NO CONCELLO DE PANTON

- *Este acordo supón un incentivo para que os residentes da zona contribúan a creación de espazos atractivos, mellorando así a calidade de vida dos cidadáns.*
- *O acondicionamento beneficia máis de 3.100 habitantes do concello lucense de Panton e os visitantes que se achegan cada ano ata este monumento declarado como Ben de Interese Cultural*
- *Estas actuacións forman parte do Plan HURBE, que destinara preto de 100 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos*
- *Os obxectivos deste plan son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuir ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un investimento de case 500.000 euros na segunda fase da intervención no contorno do Mosteiro Cisterciense das Bernardas, declarado como Ben de Interese Cultural en Panton. Estas obras levaranse a cabo grazas a un convenio de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello lucense, que permitira acometer e incorporar ao patrimonio público municipal estas obras.

Ferreira, lugar onde se atopa o singular edificio, sitúase próximo a Ribeira Sacra e a medio camiño entre Ourense e Monforte de Lemos, o que lle confire unha posición estratéxica para os efectos de potenciar o seu atractivo turístico, baseado na riqueza patrimonial do conxunto do concello de Panton e, sobre todo, deste mosteiro das Bernardas, monumento que é un auténtico foco de atracción para os visitantes que buscan as rutas de contido cultural e de coñecemento do noso patrimonio arquitectónico e paisaxístico.

Por todo isto, propúxose levar a cabo unha actuación para poner en valor o contorno inmediato do mosteiro no teito comprendido entre a ponte do río Ferreira e o lugar do Curro.

Características técnicas

A primeira parte da actuación abarcou desde a zona verde próxima a ponte ata O Curro, polo lado do convento. Nesta segunda fase váise desenvolver o ámbito que vai desde a ponte ata o inicio do Curro, correspondente a beirarrúa da marxe dereita da estrada.

As actuacións que se realizaran suporan a realización das beirarrúas, a colocación de luz pública e a reconstrución e homoxeinización dos muros de peche das parcelas, ademais de facer o saneamento do cespede no espazo libre ata a beirarrúa. Tamen se ten prevista a colocación dun hidrante de incendios, próximo ao mosteiro.

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dividirá a súa achega en dúas anualidades, polo que neste ano se entregaran 300.000 euros e en 2011 investiránse máis de 150.000.

As mesmo, os técnicos do departamento que dirixe Agustín Hernández serán os encargados da redacción dos proxectos; da contratación da execución e dirección das obras; da xestión destas ata completar a súa finalización, e de formalizar os actos de recepción. Contarán tamen co dereito a inspeccionar as obras en calquera momento, tanto durante a súa execución como ao seu remate.

Pola súa banda, o Concello de Pantón terá que pór a disposición da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas os terreos necesarios, ademais de realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias asumindo os custos que se xeren por estes conceptos.

O concello tamen deberá asumir, unha vez realizadas as obras e logo da comunicación da consellería, a explotación e conservación delas.

Este acordo supón un incentivo para que os residentes da zona contribúan a creación de espazos atractivos para a posta en marcha das actividades cotiás, mellorando así a calidade de vida dos cidadáns. O acondicionamento beneficia máis de 3.100 habitantes do concello lucense de Pantón.

Plan *HURBE*

Estas accións forman parte do Plan *HURBE*, actuación que busca un programa de calidade de vida das zonas urbanas e dos concellos do rural, pero focalizando múltiples actuacións nos concellos pequenos.

O Plan *HURBE* pretende ordenar e priorizar os equipamentos e dar un contido corporativo a todo o mobiliario urbano, arranxo dos espazos públicos.

Os obxectivos deste plan, que destinara preto de 100 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos, son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuir ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural.

Co Plan *HURBE* investiránse 34 millóns de euros para o programa de equipamentos públicos, 27,5 millóns de euros para a humanización de ruas e 34 millóns de euros en programas de urbanización e mellora de espazos públicos.

OS HABITANTES DE BAIONA CONTARAN CUNHA RENOVADA TRAVESIA INTERIOR EN SABARIS, GRAZAS A COLABORACION DA XUNTA DE GALICIA CON ESTE CONCELLO PONTEVEDRES

- *As obras suporan un investimento de 1,2 millóns de euros para actuacións de reestruturación do tráfico rodado e peonil, a dotación de aparcadoiros e a instalación de mobiliario urbano*
- *O acondicionamento desta zona beneficia máis de 12.000 habitantes do concello pontevedres de Baiona*
- *Estas actuacións forman parte do Plan HURBE, destinado a recuperación e humanización dos espazos urbanos*

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, aprobou un convenio de colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o Concello de Baiona. Con este acordo, que supora un investimento de máis de 1,2 millóns de euros, levarase a cabo a primeira fase das obras de humanización da travesía interior de Sabaris.

Esta mellora ten unha importancia especial, xa que Sabaris é un asentamento de carácter urbano que se sitúa entre a desembocadura do río Minor e o núcleo urbano de Baiona, e conta coa presenza de múltiples edificacións pertencentes ao conxunto histórico artístico desta localidade.

Primeira fase

Esta fase da actuación basease na reestruturación do tráfico rodado e peonil a un só nivel, cun só sentido para a circulación, sectorizado por elementos do amoblamento e de equipamento urbano. Para iso, será precisa a creación de bolsas de aparcadoiro complementario e a creación de circulacións paralelas á vía principal polo exterior e conectadas transversalmente a esta alí onde sexa posible.

Esta proposta resolve tamen o tratamento paisaxístico e urbano das traseiras da rúa Julian Valverde, onde se localizan os espazos de servizo a esa rúa principal.

Obras que se van levar a cabo

Estas obras supoñen o movemento de terras; a pavimentación e o axardinamento dunha zona que conectará co paseo marítimo, e a colocación de mobiliario urbano. Así mesmo, o departamento que dirixe Agustín Hernández levará a cabo a redacción dos proxectos e a contratación, execución e dirección das obras; a xestión destas ata completar a súa finalización conforme os proxectos aprobados, e formalizar os actos de recepción.

Para esta actuación, a Consellería de Medio Ambiente fai unha achega que ascende a máis de 1.260.000 euros.

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Pola súa banda, o concello pontevedres de Baiona comprométese a pór a disposición da consellería os terreos necesarios, realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias asumindo os custos que se xeren por estes conceptos; e a asumir, unha vez realizadas as obras e logo da comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a explotación e conservación das mesmas.

Este acordo supón un incentivo para que os residentes da zona contribúan a creación de espazos atractivos para a posta en marcha das actividades cotiás, mellorando así a calidade de vida dos cidadáns. O acondicionamento desta zona beneficia máis de 12.000 habitantes do concello pontevedres de Baiona.

Plan HURBE

Estas accións forman parte do Plan HURBE, actuación que busca un programa de calidade de vida das zonas urbanas, e dos concellos máis pequenos de Galicia, sen abandonar as zonas de cidades e vilas, pero focalizando múltiples actuacións nos concellos pequenos.

O Plan HURBE significa saber onde se quere ir en época de crise, ordenar e priorizar os equipamentos e dar un contido corporativo a todo o mobiliario urbano, arranxo dos espazos públicos para buscar un paso que, de cara a fora compita e de cara a dentro coopere.

Os obxectivos deste plan, que destinará preto de 100 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos, son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuir ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural.

Co Plan HURBE investiranse 34 millóns de euros para o programa de equipamentos públicos, 27,5 millóns de euros para a humanización de rúas e 34 millóns de euros en programas de urbanización e mellora de espazos públicos.

MEDIO AMBIENTE INVESTIRA MAIS DE 400.000 EUROS NAS OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE CURTIS

- *As obras en materia de saneamento teran por obxectivo crear unha nova rede nos nucleos do Outeiro, A Raia, Pedrouzo e A Restreba; mentres que e o proxecto de abastecemento so se acometera en Outeiro*
- *O prazo de execucion do proxecto sera de 12 meses e beneficiara os mais de 4.400 vecinos de Curtis*
- *En materia de abastecemento, esta actuacion enmarcase no Plan Auga, aprobado o pasado 6 de maio e que supon unha ferramenta basica para garantir a subministracion de auga, tendo por obxectivo que no ano 2013 o 85% da poboacion fixa de Galicia conte cun adecuado sistema de abastecemento*
- *Ademais, o Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015 tamen e un instrumento basico que ten por obxectivo logra que todos os nucleos de mais de 100 habitantes tenan un adecuado sistema de saneamento*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunion de hoxe o convenio entre a Conseller a de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Curtis, na provincia da Coruna, para as obras de saneamento e abastecemento por un importe de mais de 400.000 euros.

O proxecto sera executado polo organismo autonomo Augas de Galicia a traves da Empresa Publica de Obras e Servizos Hidraulicos (EPOSH) e fara posible a posta a punto dunha nova rede de saneamento nos nucleos do Outeiro, A Raia, Pedrouzo e A Restreba; mentres que as obras de abastecemento acometeranse no nucleo do Outeiro.

Obras que se van realizar

O abastecemento no nucleo do Outeiro e necesario xa que os cortes na subministracion de auga potable son frecuentes pola deficiente presion da rede. As pois, proxectase acondicionar o actual deposito, que ten capacidade para albergar ata 400 metros cubicos de auga, con duas bombas de presion de 2,2 kw de potencia. Este acondicionamento permitira bombear ata 2 litros de auga por segundo. Por outro lado, manterase impulsión instalada entre a captación do r o Mandeo e o deposito.

O resto das obras seran en pequenos nucleos adxacentes que ata o de agora se abastecían de pozos particulares. Instalaranse tubaxes de PVC que se conectarán as redes existentes; en Morangueiros as tubaxes seran 306,5 metros de lonxitude e 90 mm de diametro, nas Marelas teran 1.090 m de lonxitude e 75 mm de diametro; no Esmorique instalaranse 164 metros de tubaxe de 75 mm de diametro; no Abelar seran 810 m de lonxitude de 75 mm de diametro e, finalmente, no nucleo de Carroipaz instalaranse 1.261 metros de tubaxe de 75 mm de diametro.

Os plans en materia de saneamento solucionaran as deficiencias de varios nucleos en relacion coa depuración das augas residuais, que ata o de agora so era posible

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

evacuadas en fosas septicas. O proxecto abarcara os nucleos de Pedrouzo, onde se instalaran 469 metros de tubaxe, na Restreba seran 254,5 metros, e 501 metros de tubaxe no Outeiro. No lugar da Raia, ademais da instalacion dunha tubaxe de 598 metros, procederase a construcion dun bombeo formado por duas camaras que elevaran 5,5 litros por segundo a 31 metros de columna de auga (m.c.a).

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas financiara a totalidade do proxecto con mais de 400.000 euros. Pola súa parte, o Concello de Curtis comprometerase a entrega dos terreos libres de cargas e gravames así como a aceptar o compromiso da súa explotación, mantemento e conservación das instalacións.

O prazo de execución das obras será de 12 meses, e beneficiará os case 4.400 veciños do concello corunes de Curtis.

Plan Auga

En materia de abastecemento, esta actuación enmarcase no Plan Auga, aprobado o pasado 6 de maio e que supón unha ferramenta básica para garantir a subministración de auga, tendo por obxectivo que no ano 2013 o 85% da poboación fixa de Galicia conte cun adecuado sistema de abastecemento. Ademais, a implantación deste plan será acorde co que impon a Directiva Europea en materia de infraestruturas hidráulicas. As actuacións presentadas permitan, ademais, que as perdas da rede de abastecemento se reduzan dun 20% a un 10%, co conseguinte aforro do recurso.

A hora da elaboración do *Plan Auga* os principios que rexeron a súa definición foron o compromiso cunha utilización máis sustentable dos recursos, xa que a auga non é un ben comercial senón un patrimonio que hai que protexer; o cumprimento estrito da lexislación presente e futura, e a necesidade de transformar o concepto de consumo de auga transmitíndolle ao usuario a idea do ciclo completo da auga.

Ademais, outro dos instrumentos básicos para dotar os concellos dun adecuado sistema de depuración de augas residuais é o Plan de Saneamento de Galicia 2000- 2015, que ten por obxectivo lograr que todos os nucleos de máis de 100 habitantes teñan un sistema de saneamento adaptado as súas necesidades.

Outras actuacións executadas en Curtis

A Estación Depuradora de Augas Residuais de Curtis xa está en funcionamento, despois de que a EPOSH invirtese case 1,5 millóns de euros na súa posta en funcionamento neste mesmo ano. Por outra banda, en relación co abastecemento, entre 2004 e 2006 executáronse as obras da rede inicial de abastecemento de Curtis, cun investimento de case 620.000 euros, que se ve potenciado cos anteriormente aprobados.

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A CONSELLERIA DE EDUCACION RENOVARA UN CONVENIO COA DEPUTACION DA CORUNA PARA O FUNCIONAMENTO DO IES RAFAEL PUGA RAMON**

- *Deste xeito, renovase o compromiso cos 255 estudantes escolarizados nas 13 unidades do centro, as como cos 52 profesores, e co persoal administrativo e de servizos*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña renovarán un convenio para contribuir ao funcionamento do Instituto de Educación Secundaria Puga Ramon, situado na cidade herculina.

En total serán algo máis de 490.000 euros destinados ao funcionamento deste centro, durante o curso escolar 2010-2011, que se destinarán a sufragar parte dos gastos de persoal (persoal docente e de administración e servizos), gastos xerais (subministracións, reparacións...), mantemento, limpeza e conservación.

Con estas accións Educación cumpre cos seus compromisos e atende as demandas e necesidades de 255 alumnos e alumnas da Coruña que cursan bacharelato e ESO nas 13 unidades de que dispoñe o centro educativo, así como dos 52 profesores e do persoal de administración e servizos do centro.

Con esta iniciativa, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da continuidade ao seu compromiso de manter o servizo público educativo de todos os alumnos e alumnas que están escolarizados neste centro dependente da Deputación Provincial da Coruña, tal e como ven facendo desde hai anos.

A XUNTA INVISTE 1,7 MILLONS DE EUROS NO FINANCIAMENTO DE PRETO DE 1.200 PRAZAS DO 'CHEQUE INFANTIL' PARA NENOS DE 0 A 3 ANOS

- *Este investimento permite cubrir total ou parcialmente o custo de prazas que non son de carácter público*
- *A orde de axudas vai dirixida a aqueles nais e pais que solicitaron praza nun centro público e non resultaron adxudicatarios, as como aos habitantes das localidades onde non existe ningunha escola infantil de titularidade pública*

A Xunta investira un total de 1,7 millóns de euros en financiar entre 1.000 e 1.200 prazas en escolas infantís para nenos de 0 a 3 anos, o que permitira cubrir total ou parcialmente o custo destas en centros que non son de carácter público.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de acordo que autoriza o compromiso de gastos plurianual desta orde de axudas, que abrangue o curso 2010-2011. Estímase que o número de beneficiarios deste ano será similar ao do curso pasado (1.221), xa que a cifra varía en función da renda dos adxudicatarios.

Estas subvencións están dirixidas a aquelas nais e a aqueles pais que solicitaron praza nunha escola pública e que non resultaron beneficiarios, sempre que exercesen a opción polo cheque infantil no procedemento de adxudicación das prazas. Tamén está destinada as persoas que teñen ao cargo un neno ou nena de 0 a 3 anos en localidades onde non existen escolas infantís sostidas con fondos públicos.

Ademais, co fin de dar continuidade as prazas adxudicadas no curso 2009/2010, terán preferencia aquelas persoas que tiveron concedida esta axuda durante o curso pasado.

A adxudicación realizarase mediante un baremo similar ao das escolas públicas. A axuda materializarase en cheques nominais emitidos a favor dos beneficiarios, que deben entregar ao centro prestador como pagamento.

Deste xeito, poderanse subvencionar prazas en modalidade de asistencia, de asistencia con comedor e en horario de tarde.

Esta orde responde a un dos obxectivos da Xunta de Galicia de ampliar a cobertura das prazas en escolas infantís. Neste sentido, é preciso destacar que o Goberno galego incrementou en 2010 a oferta pública de escolas infantís en 544 prazas -1.220 desde que chegou ao Goberno- e preve crear un total de 4.500 novas prazas durante a lexislatura co obxectivo de acadar en 2013 a ratio do 33 por cento de cobertura de prazas en escolas de 0 a 3 anos recomendada pola Unión Europea.

Con este incremento, e co que se preve durante o verán, en setembro de 2010 –no inicio do curso escolar- haberá disponibles un total de 6.825 prazas baixo a titularidade da Xunta de Galicia, que superan en 569 (un 9 por cento máis) as 6.256 que había en

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

setembro do curso pasado. Se se tenen en conta o resto de prazas sostidas con fondos publicos para o curso 2010-2011, estas ascenden a un total de 16.596.

O GOBERNO GALEGO BAIXARA UN 15% AS RETRIBUCIONS DO SEU PRESIDENTE, UN 10% AS DOS CONSELLEIROS E UN 8% AS DOS DIRECTORES CON RESPECTO A 2009

- *A Xunta tamen diminuíra nas mesmas porcentaxes os salarios dos directivos e persoal das entidades da Administración instrumental*
- *O Executivo autonómico cumprira o establecido no Real decreto lei 8/2010 e axustara un 5% a masa salarial dos empregados públicos*
- *Convocara a próxima semana a Mesa de Función Pública e o Consello aprobará o proxecto de lei para a súa remisión ao Parlamento*

O Goberno galego rebaixara as retribucións anuais do seu presidente un 15% en relación as que tina no pasado exercicio, un 10% as dos conselleiros e un 8% as dos directores xerais. A conselleira de Facenda, Marta Fernández Curras, presentou hoxe ao Consello da Xunta un informe sobre a aplicación do Real decreto Lei 8/2010, que prevé medidas extraordinarias para acelerar nos anos 2010 e 2011 a redución do déficit inicialmente prevista.

O Executivo autonómico debateu os criterios para a aplicación desta normativa para cumprir o axuste obrigatorio do 5% do conxunto global de retribucións dos empregados públicos. A Xunta implantara os que tenan un menor impacto para o persoal ao servizo da Administración autonómica. Ademais, convocara a próxima semana a Mesa de Función Pública e o Consello do vindeiro xoves aprobará o proxecto de lei para a súa remisión ao Parlamento.

O Goberno galego tamen diminuíra nas mesmas porcentaxes que as dos altos cargos as retribucións anuais dos directivos e persoal das entidades da Administración instrumental. Igualmente ordenara aos membros dos consellos de administración das empresas públicas que inicien as negociacións para que o seu persoal tena o mesmo axuste.

No caso dos empregados públicos, a redución que sufriran as súas retribucións será progresiva, tal e como establece a normativa básica aprobada polo Estado. Para o persoal laboral, a obrigação é baixar un 5% a súa masa salarial, pero coa posibilidade de negociar cos sindicatos outra distribución.

Tras seren analizados polo Consello da Xunta os criterios de aplicación de Real decreto lei 8/2010, o Executivo galego reunirá os sindicatos para informalos e proseguirá a elaboración do proxecto de lei que terá que modificar a Lei de orzamentos deste ano por estaren recollidas nela as retribucións dos membros do Goberno e do persoal funcionario e laboral.

ECONOMIA E INDUSTRIA REFORZA NUN 62% AS CAMPANAS DE INSPECCION DE CONSUMO CO FIN DE AUMENTAR A PROTECCION DOS DEREITOS DOS CONSUMIDORES

- *O Plan de Inspeccion do Instituto Galego de Consumo para o ano 2010 supon tamen un aumento substancial no numero de actuacións ata chegar as 7.000, fronte as 4.144 realizadas no ano 2009*
- *A Conseller a de Economía e Industria destinara 60.0000 euros para a realización de toma de mostras de produtos no mercado*
- *O departamento que dirixe Javier Guerra incidira especialmente no control de produtos destinados aos colectivos mais vulnerables, como e o caso dos nenos e das persoas maiores*

O Consello da Xunta de Galicia da o seu visto e praxe ao informe da Conseller a de Economía e Industria no cal se expon o reforzo do plan de Inspeccion do Instituto Galego de Consumo para o ano 2010, que incrementara nun 62% o numero de campañas de inspeccion de consumo neste exercicio, pasando das 37 desenvolvidas en 2009 as 60 que estan previstas para este ano.

Ademais do numero global de campañas, a conseller a que dirixe Javier Guerra tamen preve un importante aumento no numero de actuacións neste eido, que pasaran das 4.144 do pasado exercicio as 7.000 previstas para este ano, tal e como se sinalou no Consello da Xunta.

Tratase dun aumento substancial que afectara todos os tipos de campañas que o Goberno autonómico realiza a traves do Instituto Galego de Consumo: desde as de control de produtos alimenticios (que pasan de 9 a 17) ata as de produtos industriais, que seran 31 fronte as 24 do ano pasado, e as de servizos, nas cales se pasara das 4 que se levaron a cabo no exercicio anterior as 12 programadas no actual.

O obxectivo xeral destas campañas, para as cales a conseller a destinara 60.000 euros na realización de toma de mostras de produtos no mercado, e garantir a seguridade e a calidade dos produtos e servizos postos a disposición dos consumidores mediante actuacións de control do mercado, de control permanente e de campañas de inspeccion de produtos alimenticios, non alimenticios e servizos, entre as cales se lles dara prioridade a aquelas que se centren en produtos de primeira necesidade e servizos esenciais.

Neste sentido, a Conseller a de Economía e Industria incidira especialmente no control de produtos destinados aos colectivos mais vulnerables, como e o caso dos nenos e das persoas maiores, a produtos que habitualmente dean lugar a alertas por presenza de riscos para a seguridade e servizos involucrados nas reclamacions presentadas polos consumidores.

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A política de protección do consumidor goza de especial relevancia nas liñas de actuación do Goberno galego, xa que, no contexto actual de competitividade dentro dun comercio globalizado, se fai cada vez máis necesario protexer os usuarios de situacións de indefensión, así como facilitarlles aos consumidores unha canle para poderen facer as correspondentes reclamacións. Por este motivo, a través da Consellería de Economía e Industria estase a realizar un esforzo para garantir e protexer os lexítimos intereses dos consumidores e usuarios.

A XUNTA SITUA A GALICIA A VANGARDA DO DESENVOLVEMENTO DO VEHICULO ELECTRICO CO DECRETO QUE REGULARA AS INFRAESTRUTURAS DE CARGA

- *A primeira normativa deste tipo en toda Espana propon un marco xeral no que se recollen todos os aspectos tecnicos, xur dicos e administrativos das infraestruturas de carga de veh culos electricos para que Galicia sexa pioneira na implantacion e utilizacion destes veh culos*
- *O obxecto ultimo deste decreto e sentar as bases para enfrontar con garant as o futuro inminente, afondar nos valores innovadores e de respecto ao ambiente e avanzar na soberan a enerxetica da man das renovables*
- *A Xunta xa ten definida unha rede primaria de infraestruturas de carga para o veh culo electrico en Galicia, que contara con medio millar de puntos de abastecemento espallados por toda a xeografia galega*
- *Esta rede estara presente nos ambitos interurbanos, intraurbanos, da man das gasolineiras, e permitira a posta en marcha de estacions multifuncionais de electromobilidade demostrativas nas sete cidades galegas*

O Consello da Xunta coneceu hoxe o informe do decreto que situara Galicia a vangarda do Estado no desenvolvemento do veh culo electrico da man da regulacion, por primeira vez, das infraestruturas e dos seus puntos de carga. O decreto, elaborado pola Conseller a de Econom a e Industria, vai mais ala, e propon un marco xeral no cal se recollen todos os aspectos tecnicos, xur dicos e administrativos das infraestruturas de carga de veh culos electricos para que Galicia sexa pioneira na implantacion e utilizacion destes veh culos.

O obxecto ultimo deste decreto, que sera analizado e debatido por todos os axentes implicados, e sentar as bases para enfrontar con garant as o futuro inminente que supon a chegada do veh culo electrico, e afondar nos valores innovadores e de respecto ao ambiente que supon a decidida aposta deste Goberno de traballar para diminuir o incremento das emisions de efecto invernadoiro derivado do actual modelo de mobilidade baseado nos motores de combustion interna, ademais de avanzar na soberan a enerxetica da man das renovables.

O decreto regulara a normativa tecnica que deben cumprir as infraestruturas de carga en Galicia, e as directrices esenciais que se deberan ter en conta para levar a cabo a súa implantacion de forma ordenada e planificada en todos os ambitos, coa finalidade de garantir a súa existencia como dotacion necesaria ao servizo dos cidadans, nos lugares aptos para os usuarios do veh culo electrico.

Deste xeito, prevese a instalacion destas infraestruturas en vivendas unifamiliares, aparcadoiros ou garaxes colectivos, tanto de uso publico como privado, e en todas as vivendas e edificaciones de nova construcion. Por outra banda, establece mecanismos

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

de coordinacion para que os instrumentos de planeamento urbanstico prevexan as reservas de solo para a implantacion das infraestruturas de carga do vehiculo electrico.

As mesmo, o decreto regulara os deberes dos usuarios e os requisitos que teran que cumprir as actividades de promotor, xestor, instalador e proxectista das instalacions, ademais de crear os rexistros de xestores do servizo de carga o de estacions de carga.

O informe do decreto que hoxe coneceu o Consello da Xunta de Galicia ins rese dentro dun plan de actuacion moito mais amplo de mobilidade electrica, e para o cal o Goberno da Xunta de Galicia, como xa apuntou en anteriores ocasións, xa ten definida unha rede primaria de infraestruturas de carga para o vehiculo electrico en Galicia, que contara con medio millar de puntos de abastecemento espallados por toda a xeografia galega. Esta rede estara presente nos ambitos interurbanos, intraurbanos, da man das gasolineiras, e permitira a posta en marcha de estacions multifuncionais de electromobilidade demostrativas nas sete cidades galegas.

SANIDADE ELABORARA UN NOVO DECRETO AUTONOMICO QUE REGULARA O TRANSPORTE SANITARIO POR ESTRADA

- *Co fin de optimizar a asistencia que se presta a toda a cidadan a galega*
- *Incluirase a posibilidade de creacion de novos tipos de veh culos*
- *Con esta iniciativa, a nosa Comunidade adaptase a normativa establecida en materia de formacion e acreditacion das novas cualificacions profesionais*

A Conseller a de Sanidade solicitou a Fundacion Publica Urgencias Sanitarias 061 Galicia a elaboracion e posta en marcha dun proxecto de mellora do transporte sanitario, que inclue cambios na xestion deste, incluíndo a posibilidade de creacion de novos tipos de veh culos as como a modificacion das suas caracter sticas tecnico-sanitarias, que permitan optimizar a asistencia e o transporte sanitario na nosa Comunidade.

Para tal efecto, o departamento que dirixe Pilar Farjas Abad a procedera a elaborar un novo decreto autonomico que regule o transporte sanitario por estrada, e, deste xeito, optimizar a asistencia que se presta a todas e a todos os galegos.

Os obxectivos das modificacións que se van realizar son catro. En primeiro lugar, adaptar a clasificación de veh culos dentro do marco normativo nacional as necesidades actuais de Galicia. En segundo termo, definir o persoal m nimo de cada dotacion, as como os requisitos formativos espec ficos que se requiren para o exercicio da dita actividade. En terceiro lugar, adaptar o decreto a normativa en materia de formacion e acreditacion das novas cualificacions profesionais desenvolvidas neste ambito e, en cuarto lugar, adaptar as caracter sticas tecnico-sanitarias e o equipamento m nimo requirido a cada tipo de veh culo a normativa estatal e a realidade cient fico-tecnica actual.

Compre sinalar, por ultimo, que para adaptar a clasificación de veh culos dentro do marco normativo nacional as necesidades actuais de Galicia e preciso modificar as caracter sticas de formacion do persoal das ambulancias medicalizadas; incluír ambulancias con diplomado universitario en enfermarea e, ademais, incluír outro tipo de veh culos de elevadas prestacions en zonas de dif cil acceso do tipo todoterreo.

Necesidade da modificacion

A cualificacion de Transporte Sanitario de nivel 2 ven regulada polo RD 295/2004, do 20 de febreiro. Nel establece determinadas cualificacions profesionais que se inclúen no Catalogo Nacional de Cualificacions Profesionais. Tamen se recollen os seus correspondentes modulos formativos que se incorporan ao Catalogo modular de formacion profesional, e a cualificacion de atencion sanitaria a multiples v timas e catastrofes de nivel 2, regulada polo RD 1087/2005, do 16 de setembro.

Na dita normativa establece novas cualificacions profesionais, que se inclúen no Catalogo Nacional de Cualificacions Profesionais, as como os seus correspondentes

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

modulos formativos que se incorporan ao Catalogo modular de formacion profesional, e actualzanse determinadas cualificacions profesionais das establecidas polo RD 295/2004, do 20 de febreiro.

A acreditacion oficial correspondente as ditas cualificacions podese adquirir cursando o ciclo formativo de grao medio correspondente ao t tulo de formacion establecido mediante o RD 1397/2007, do 29 de outubro, polo que se regula o t tulo de Tecnico en Emerxencias Sanitarias e se fixan as suas ensinanzas m nimas, e o Decreto 216/2008, do 25 de setembro, que establece o curr culo que sera de aplicacion na Comunidade Autonoma de Galicia para as ensinanzas de formacion profesional relativas ao citado t tulo.

Todas estas cuestiones obrigan a propor a necesidade dunha modificacion e elaboracion dun novo decreto autonomico que regule o transporte sanitario por estrada, recollendo as ditas necesidades.

GALICIA REXISTRA NO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DE 2010 UN AUMENTO DO 7,2% NO NUMERO DE VIAXEIROS ALOXADOS NO CONXUNTO DA OFERTA DE ALOXAMENTO REGRADO CON RESPECTO AO MESMO PERIODO DE 2009

- *O numero de pernoitas nos catro primeiros meses do ano tamen rexistrou un incremento do 4,9% respecto aos primeiros catro meses do ano pasado*
- *A comparativa deste Ano Santo neste abano de tempo con respecto ao pasado 2004 ofrece tamen datos positivos, dado que se incrementaron tanto o numero de viaxeiros como as pernoitas, nun 3,8 e un 6,5% respectivamente*

A Conseller a de Cultura e Turismo presentou hoxe ao Consello da Xunta o informe *Conxuntura Turstica en Galicia*, relativo a ocupacion dos establecementos de aloxamento regrado nos catro primeiros meses do ano. O numero de viaxeiros aloxados neste tipo de establecementos (hoteis, pensions, apartamentos tursticos, campings e establecementos de turismo rural) durante ese primeiro cuadrimestre de 2010 foi de 898.106 persoas, o que supon un incremento do 7,2% respecto ao mesmo periodo de 2009, segundo os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatistica (INE). O incremento tamen se viu reflectido no numero de pernoitas, que acadou a cifra de 1.851.291, o que implica un aumento do 4,9% respecto do ano pasado.

A comparativa deste Ano Santo 2010 co anterior 2004 nos catro primeiros meses do ano ofrece tamen datos positivos, xa que se rexistrou un aumento tanto no numero de viaxeiros coma no de pernoitas, cun 3,8% e un 6,5% respectivamente.

A ocupacion media neste primeiro cuadrimestre do ano rexistrou os datos mais positivos no segmento hoteleiro, que e o mais representativo da mostra total, e no cal se rexistra unha media do 25,22%, cifra que sobe case un punto porcentual en relacion co ano pasado.

Tipoloxias

Por tipoloxias de aloxamento, no caso dos establecementos hoteleiros rexistraronse un total de 848.339 viaxeiros aloxados, cifra moi positiva que supon un incremento do 7,7% en relacion ao mesmo periodo do ano pasado. O incremento do cuadrimestre neste segmento rexistrou a súa suba mais importante nos meses de marzo e abril, cunha cifra do 14,5% en termos interanuais, mellorando o comportamento observado en xaneiro, que rexistrara unha cada do 5% e de febreiro, onde xa se percibiron signos de mellora, cun aumento do 0,5%.

En particular, nos hoteis rexistrase un incremento acumulado do 8,2% nos viaxeiros, porcentaxe que no caso das pensions chega ao 5,3%. Os hoteis de catro e cinco estrelas (cun 9,9%) e os de duas estrelas (cun 15,6%) foron, xunto coas pensions dunha estrela (12,6%), as categorias que mellor comportamento rexistraron.

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

En relacion ao mesmo periodo do ano 2004, a cifra tamen se incrementou nunha porcentaxe do 3,1%, cifra que para os meses de marzo e abril mostra un 7,4% do aumento con respecto ao ultimo Xacobeo.

No referente as pernoitas en establecementos hoteleiros, as cifras analizadas falan de 1.743.494 pernoitas, o que supon un incremento do 5,7% en relacion ao mesmo periodo do ano pasado, e do 6% con respecto a 2004.

A suba supera novamente a media do conxunto do Estado, que se situa na media do 3,34 %, rexistrando ademais unha das porcentaxes de variacion mais notables do conxunto de comunidades autonomas, concretamente a quinta mellor, por detras de Aragon, Cataluna, Madrid e Canarias.

O acumulado destes primeiros meses de 2010 amosa un comportamento positivo tamen no caso dos campamentos tursticos. En concreto, rexistraronse un total de 6.278 viaxeiros aloxados neste tipo de establecementos, o que supon unha suba do 7,7% en relacion ao ano pasado e do 52% en relacion ao mesmo periodo de 2004.

No caso dos establecementos de turismo rural, rexistrouse un total de 34.535 viaxeiros aloxados que xeraron, en conxunto, 62.390 pernoitas, cifras que experimentaron lixeiras cadas en relacion a 2009, do 0,42% e do 1,89%, respectivamente. Esta dinamica negativa convertese en positiva se se compara a conxuntura de Galicia co resto de Espana, onde as cifras de viaxeiros e de pernoitas en turismo rural caen en termos interanuais nun 4,2 e un 7% respectivamente, porcentaxes moito maiores que no caso galego.

Ademais, en relacion co ano 2004 a conxuntura actual de Galicia no segmento do turismo rural resulta positiva, por canto a cifra de viaxeiros se incrementou nun 2,6%.

Por ultimo, os apartamentos tursticos tamen rexistraron unha cada acumulada do 7,5 e o 12,3% en canto a viaxeiros e pernoitas. As e todo, en relacion ao ultimo ano Xacobeo 2004 o comportamento deste segmento da oferta de aloxamento foi positivo, con subas importantes, tanto no volume de viaxeiros coma no das pernoitas, mais do dobre no primeiro caso e case o 50% no segundo.